XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CPI UXÍO NOVONEIRA**
Pedrafita do Cebreiro
*Departamento de Orientación*

# RECOMENDACIÓNS DE LECTURA
# 25 DE NOVEMBRO
# Día Internacional contra a Violencia de Xénero




## DE 3 A 6 ANOS




**ROSA CARAMELO**. Adela Turín e Nella Bosnia.

*Había unha vez no país dos elefantes unha manada de elefantas suaves coma o terciopelo, cos ollos grandes e a pel rosa caramelo. Pero...*

**TITIRITESA**. Xerardo Quinita.




*No reino de Antonte, nun castelo con catro chemineas, unha ducia de alamedas e un foso repleto de crocodrilos famentos e fachendosos vivía Titiritesa.*

**ARTURO E CLEMENTINA**. Adela Turín e Nella Bosnia.




*Arturo e Clementina son dúas fermosas tartarugas louras namoradas que viven na beira dun estanque. Mentras Arturo*

*se divirte pescando, Clementina abúrrese tremendamente.*

## <u>De 6 a 11 ANOS</u>




**BILLY E O VESTIDO ROSA.**

Anne Fine

*Billy non podía imaxinar que todos tratasen de forma tan distinta ás nenas e que esperasen cousas tan distintas delas. Como el é un rapaz... Non tiña nin idea! Ata que un día a súa nai...*




**A PITA QUE QUIXO SER PRINCESA.**

Carles Cano

*Un príncipe logrou sanar dunha estrana enfermidade gracias a unha pita á que chegou a ofrecer a súa man pero ela tiña outros plans.*




**O RELOXO DE MIÑA AVOA.**

Geraldine McCaughrean.

*Texto e ilustración delicadas para un libro que trata sobre as relacións entre avoas e avós, netas e netos.*

**O MEU PAI É AMA DE CASA, E QUE?**




*No colexio o profe ponlle aos nenos e nenas a tarefa de escribir unha redacción contando o traballo dos seus pais. Unha das nenas non sabe qué escribir, porque o seu pai non ten un traballo coma os demais. É ama de casa.*

*Todos os nenos rinse dela facéndoa sentir moi mal, a visión dos compañeiros de clase cambiou despois de escoitar a redacción.*




**O LIBRO DOS PORCOS**

*O Sr. Do Porco vivía cos seus fillos Xoan e Simón nunha linda casa, cun lindo carro e un lindo xardín..., Ah! e unha mamá. Todos os días escoitábanse berros: ¡Mamá apúrate co almorzo!, ¡Vella, que é da cena! E a Sra. Do Porco, lavaba, facía camas, planchaba e logo ía traballar. Pero un bo día os nenos e o pai atopáronse cunha enorme e extrana ausencia, e unha nota cunha breve frase que parecía máis ben unha sentenza de morte: "Son uns porcos".*

## 12 ANOS EN ADIANTE

**VANESA, A INTRÉPIDA.** Joachim Msannek




*Vanesa é unha aleccionada de fútbol que sempre leva roupa deportiva e quere ser a primeira muller que entre na selección nacional. Despois de mudarse o seu pai consegue que a deixen entrenar nun equipo local: os feras.*

**O PAN DA GUERRA.** Deborah Ellis




*Parvana é unha rapaza de once que vive en Kabul, a capital de Afganistán, durante a época do goberno dos talibáns. Cando o seu pai é detido , a súa familia busca unha solución desesperada, e Parvana que por ser muller ten prohibido gañar cartos, transfórmase en rapaz.*




**A EVOLUCIÓN DE CALPURNIA TATE**

*Calpurnia é una nena que vive nun pobo de Texas. A pesar de que a súa nai insiste en que aprenda a tocar o piano, coser e cociñar ela está máis interesada no que ocorre tras a porta cerrada da biblioteca ou no laboratorio do seu avó.*




**MALDITAS MATEMÁTICAS: ALICIA NO PAÍS DOS NÚMEROS**

*Alicia detesta as Matemáticas e considera que non serven para nada. Un día mentras está estudando, un estrano individuo invítaa a dar unha volta polo país dos números.*